



Concello de Vigo
Secretaría do Goberno Local
Expte. 782/1102

RESOLUCIÓN

A vista dos últimos acontecementos por mor do desenvolvemento do COVID-19 na cidade de Vigo e coa finalidade de tomar as necesarias medidas de prevención e contención que, en cada momento, resulten precisas, esta Alcaldía-Presidencia considera preciso instrumentar un Comité de Seguimento da evolución do COVID-19 nos termos que, de seguido, se disporá. En dita liña, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

RESOLVO:

Primeiro.- Crear un Comité de Seguimento da evolución do COVID-19, presidido polo Alcalde-Presidente e integrado por:

- Segundo Tte. de Alcalde, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Terceira Tte. de Alcalde, D^a Elena Espinosa Mangana
- Cuarta Tte. de Alcalde D^a M^a José Caride Estévez.
- A Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño
- Secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña
- Titular da Asesoría Xurídica Municipal, D^a Margarita Parajó Calvo
- Interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso
- Intendente da Policía Local, D. Francisco Martínez Muñoz

Segundo.- Este Comité de Seguimento reunirse cando sexa preciso e segundo a evolución que se vaia producindo dos acontecementos, e a súa finalidade será a de analizar a situación e, propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

Terceiro.- O Comité de Seguimento estará operativo con carácter permanente e con total disponibilidad, podendo ser convocado en calquera momento por esta Alcaldía-Presidencia.

Cuarto.- Este Comité fará un continuo seguimento da evolución da situación e propondrá medidas novas ou complementarias das xa adoptadas, ao tempo que coordinará as novas actuacións que sexan precisas, garantindo unidade de acción, de conformidade coas recomendacións realizadas polas autoridades sanitarias.

Quinto. O Alcalde, como Presidente do Comité, poderá convocar as reunións do mesmo a outros membros do goberno, responsables técnicos municipais e a expertos cualificados na materia, así como contar co seu asesoramento experto, en función das necesidades existentes en cada momento.



CCA/rs.

Data de sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE- ABEL CABALLERO ÁLVAREZz.
Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-Mª CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA



Copia auténtica - Concello de Vigo

Data impresión: 12/03/2020 18:51

Páxina 2 de 2

Expediente 782/1102

CSV: 2DEDEC-34428B-8E46D8-JXNVLQ-U4UY3A-1E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>